

AXUDAS LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

O día 20 de maio saíu publicada no DOG a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o vindeiro curso 2019/20.

Os prazos son os seguintes:

- Presentación de solicitudes: ata o 21 de xuño.
- Devolución dos libros deste curso: ata o 20 de xuño.
- Publicación de listaxes provisionais: 26 de xuño.
- Reclamacións no centro: 27 e 28 de xuño.
- Publicación de listaxes definitivas: 1 de xullo.
- Entrega de vales: última semana de xuño no centro ou en setembro.
- Uso de vales nas librerías: ata o 4 de abril de 2020.
- Entrega dos lotes de libros do fondo para 3º, 4º, 5º e 6º: en setembro.

Os alumnos/as devolverán os libros que están usando antes do 20 de xuño. Os alumnos/as de 1º e 2º de primaria non é necesario que os devolvan pois son libros non reutilizables.

Os alumnos de 1º e 2º de primaria disporán de axudas para mercar os libros con arreglo á Renta do 2017.

Os alumnos de 3º ata 6º disporán do fondo de libros do centro. Serán adxudicados con arreglo á Renta do 2017.

As axudas de material escolar son para todos os alumnos de primaria con arreglo á Renta de 2017.

A solicitude farase preferentemente por vía electrónica nos formularios disponibles na aplicación informática “fondolibros” (<http://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar os papeles no centro escolar, previa solicitude do formulario en dirección.

Documentación a presentar:

- Anexo I e II asinados e cubertos.
- Fotocopia do libro de familia.
- Calquera outro documento que se necesite para acreditar incapacidades, acollementos ou calquera situación similar.

Na páxina web do centro poderán consultar a Orde completa publicada no DOG e descargar impreso de solicitude.

Para calquera dúbida poden chamar ao centro.

A dirección.